

O SISTEMA DE COORDINACIÓN ENDOCRINA.

A coordinación endocrina é un mecanismo que regula, de xeito lento prolongado, a acción de moitos órganos de corpo.

Esta función lévana a cabo as HORMONAS as cales son segregadas por células especializadas que se agrupan formando GLÁNDULAS, ou por algunhas neuronas denominadas, neurosecretoras.

As glándulas poden ser de tres tipos:

. * Secreción interna.(Endocrinas) Aquelas que verten os seus produtos ao sangue. Como os ovarios.

* S. externa.(Exocrinas) verten os seus produtos ao aire, ou ao interior dun órgano. Feromonas.

* Mixtas. Por exemplo o páncreas. É de s. interna cando fabrica insulina. Externa, cando manda ao duodeno os encimas dixestivos.

As do sistema endocrino son as dúas primeiras. A palabra hormona aplícase ás de secreción interna, as cales son ,memsexeiros químicos que son vertidas ao sangue a través da cal chegan a certas células que teñen receptores específicos denominadas tecido diana, que inducen respostas acordadas ao tipo e cantidade de hormona.

AS FEROMONAS.

Son formadas por glándulas exocrinas. Pasan ao aire e cumpren unha serie de funcións.

* Marcar o territorio

* Permítenlle aos machos localizar ás femias.

* Algúns insectos indícanlle aos demais onde se localiza o alimento.


TIPOS DE GLÁNDULAS ENDOCRINAS

Hipófisis

Glándula de secreción interna do organismo que está na base do cranio e encárgase de controlar a actividade doutras glándulas e de regular determinadas funcións do corpo, como o desenvolvemento ou a actividade sexual.

Algunhas das hormonas que segrega a hipófisis:

ANTIDIURÉTICA: Regula a cantidade de auga que se elimina o través dos uríños.




OXITOCINA. Induce as contraccións do útero no parto.

H. DO CRECEMENTO. Estimula o crecemento dos osos e dos músculos

H. ESTIMULANTES DAS DEMÁIS GLÁNDULAS.

GLÁNDULAS SUPRARRENAIS.

As glándulas suprarrenais son pequenas glándulas situadas na parte superior de cada ril. Estas producen hormonas imprescindibles para a vida, incluíndo hormonas sexuais e cortisol. O cortisol axuda a responder á tensión e ten moitas outras funcións importantes.




Son as responsables de segregar entre outras: Adrenalina e noradrenalina. Actúan como neurotransmisoras e en situacións de tensións.

Cortisona: Intervén no metabolismo dos lípidos..

TIROIDES.

A tiroides é unha glándula pequena con forma de bolboreta, situada na base da parte frontal do pescozo, xusto debaixo da noz de Adán.



É a responsable entre outras da secreción da tiroxina a cal estimula o metabolismo celular.

PÁNCREAS.

Órgano glandular situado no abdome do home e outros vertebrados que se encarga de producir e verter ao intestino algúns dos mollos que contribúen á dixestión dos alimentos, así como de segregar a insulina e o glucagón que o organismo necesita.



insulina Hormona producida polo páncreas, que se encarga de regular a cantidade de glicosa do sangue.

O glucagón é unha hormona producida polo páncreas, e cuxa principal función é estimular a produción de glicosa, aumentando así a glucemia..

TESTÍCULOS.

Testosterona

Hormona sexual masculina segregada especialmente no testículo, pero tamén, e en menor cantidade, no ovario e na cortiza suprarrenal, que ten efectos morfolóxicos, metabólicos e psíquicos. Nos aspectos morfolóxicos, son as responsables dos caracteres sexuais secundarios masculinos. Entre outros, o timbre de voz, a barba, a cadeira estreita....

OVARIOS.

Os estróxenos son os responsables dos caracteres sexuais secundarios femininos. Timbre de voz, cadeira ancha, ausencia de pelo na cara, crecemento dos peitos...

A proxesterona, prepara o útero para o embarazo.

APLICACIÓNS DAS HORMONAS

A gandería. Para aumentar a produción láctea. Se lle fornecemos ao animal tiroxina e oxitocina estimulamos a secreción de leite

Produción de carne. Coa hormona do crecemento e con hormonas sexuais, conséguese que o animal aumente a súa masa muscular

- Melloras na reprodución.

Con a proxesterona suprímese o ciclo reproductivo das femias co fin de que todas elas teñan o celo ao mesmo tempo para insiminaloas todas elas á vez

A GANDERÍA ECOLÓXICA.

O uso indiscriminado na gandería pode ser perigoso. Desde o ano 1988, Europa prohibe o seu uso para favorecer o crecemento. EEUU, Canadá e Australia o continúan realizando.

O futuro debería ir cara a unha gandería ecolóxica na cal os sistemas de produción terían que ir ligados ao chan. É dicir, as vacas tendrían que estar libres e pastando.

Contesta as seguintes preguntas.

1º Que é un sistema de coordinación

2º Cal é a diferenza entre un sistema de coordinación nervoso e en endócrino.

3º Define glándula. Tipos

4º Define hormona

5º Cal é a súa función cando chega á tecido diana.

6º Que é para tí unha feromona. Que funcións cumpren.

7º En que parte do noso corpo localízase a hipófisis. Porque é tan importante.

8º Fíxache no esquema da ficha, e dime 5 exemplos de hormonas hipofisarias e que función cumpren.

9º Un dos motivos polos que se fixo famoso Mesi, é que cando era un neno era moi baixiño e para que crecese os médicos tratárono cunha hormona hipofisaria. Se cadra xa a indicaches na pregunta anterior. Pódesma repetir.

10º Moitas veces fálase da Adrenalina. pero realmente sabemos o que é. Dime cales son as súas funcións e quen a segrega.

11º Pódesme dicir, onde se localiza a tiroides. Cal é a función de tiroxina.

12º Cal é o elemento dela táboa periódica imprescindible para o bo funcionamento da tiroides. Que ocorre se falta.

13º Todos os días inxerimos moito mais azucre do que nos podemos permitir. Que hormona é necesaria para rebaixalo. Quen a forma e onde localízase.

14º . Explica que entendes e que son os caracteres sexuais secundarios tanto masculinos como femininos. Pon exemplos e dime as hormonas implicadas.

15º Fálase moito e con razón que comer carne pode ser prexudicial para a saúde. Unha das razóns pode ser o abuso de hormonas nos pensos. Gustaríame que investigases un pouco por internet e que me fixeses un informe co que atopas.

